

TEMA 8: AS ACTIVIDADES TERCIARIAS




NOME:.....CURSO e Nº:.....

1) Comentario da gráfica da páxina 274:

“Evolución do número de visitantes e dos ingresos por turismo, 1955-2014”

- Clasificación da gráfica** (tipo de gráfica, que representa, como vén dada a información...) e **definición** do feito xeográfico representado.
- Explica a **evolución** e características da actividade turística en España entre **1955 e 1975**. (Non esquezas sinalar datos da gráfica)
- Comenta a **evolución** da actividade turística en España entre **1975 e 1985**. (Non esquezas sinalar datos da gráfica)
- Analiza a **evolución** dos datos da gráfica **despois de 1985** e o **novo modelo turístico** que se pretende asentar en España. (Non esquezas sinalar datos da gráfica)
- Cales son as **novas modalidades turísticas** que buscan diversificar a oferta desta actividade en España nas últimas décadas? (Podes facer un esquema, cadro...)



2) Fíxate na imaxe para localizar ese espazo turístico no mapa da páxina 278.

- Que **tipo de turismo** e **espazo turístico** representa a imaxe?
- Que **repercusións** demográficas, económicas e medioambientais poden “vivirse” neste tipo de espazos turísticos?
- Cales son os **problemas** que pode sufrir a actividade turística nestas zonas e como trata de corrixilos a **política turística**?

3) Sinala cales son as **características** e **problemas** do sistema de transporte español. (Podes facer un esquema, cadro...).

4) Fíxate na imaxe e contesta:

a) **Nomea** seis Comunidades Autónomas e as súas capitais polas que pasa o AVE segundo o documento.



b) **Clasificación do mapa** (tipo de mapa, que representa, definición do feito xeográfico representado, como vén dada a información...) e enumera as **características** da rede de transporte por estrada.

c) **Cita** as zonas con **maior** e **menor densidade** de autopistas e autovías, e sinala os factores que motivan dita situación.

d) Indica as **consecuencias** económicas e medioambientais que producen os medios de transporte representados no litoral mediterráneo.